

Revista de libros
TEMPOS NOVOS

protexta

Marilar Aleixandre

Non todo o que se escribe en galego é bo, mais para critícalo hai que lelo páx. 16



15
VERÁN 10

Contra a
velocidade
páx. 2-3

Borrazás e as
Covalladas
páx. 4

Antoloxía da
literatura galega
1196-1981
páx. 13

The Wire
páx. 15

Entrevista
a Marilar
Aleixandre
páx. 16-19

Contra o mito
freudiano
páx. 20-22

Por que Steiner?
páx. 23

Entrevista a
Hito Steyerl
páx. 26-27

‘Non barrenes é
peor’ por Xiana
Arias Rego
páx. 28

Os libros do 13
páx. 30

Marilar Aleixandre

«Non escribimos mollando o dedo no sangue menstrual»

Hai olladas e escritas que din alén. En Marilar Aleixandre delatan a quen ousa xogar no gume dos coitelos, para ver a vida correr e poder escribir co seu sangue. Disque para ela primeiro foi vivir e logo escribir. En ambos os dous casos con pasos áxiles e mirada pronta. Cun universo propio que callou en novelas, relatos, poemas e tamén historias para a xente miúda. O pretexto para a conversa foi o seu último libro, *O coitelo en novembro* (Xerais, 2010), que a autora deu a coñecer en xuño na homenaxe que lle dedicou a Asociación de Escritores en Lingua Galega. // Belén Puñal // Fotos: Mario Llorca

De *O coitelo en novembro* agardábase que fose un libro compilatorio de relatos, mais ten tal grao de unidade que pode pasar case por novela, como así o presenta a editorial na lapela do libro. Diría que o truco para acadar tal consistencia non está só no artificio literario, o relato marco que constrúes para unir os outros, senón tamén nun universo literario xa maduro despois de dúas décadas publicando. Na túa escrita hai palabras talismán, personaxes que retornan, temas recorrentes...

Hai parte das dúas cousas. Todo o que escribimos ten algunha relación porque creamos un mundo con intercomunicacións, como eses túneles que atravesan as montañas nos contos de maxia e que comunican un país con outro. Se tes uns intereses e unha imaxinaría, iso aparece a distintos niveis, como a imaxe dos coitelos, que tamén está nos meus poemas. E iso posibilita darlle unidade a uns materiais que foron escritos en distintos momentos, dende 1996, cando publiquéi *Lobos nas illas*, o meu anterior libro de relatos, até agora. Mais escribir sempre é ficción, sempre é un artificio. Eu non lle creo á xente que di que escribe como lle sae, que non retoca nin corrixe nada. Escribir dá moito traballo, dá moito que pensar, que volver para atrás e para adiante, preténdese que o que se vexa ao final sexa a obra de arte. Como di Pessoa, o poeta é un finxidor. Do que se trata é de finxir o mellor posible.

Nese relato central tamén ten moita forza o xogo metaliterario entre realidade e ficción, o que é verdade e o que non o é. A protagonista, unha filóloga que vive nunha Galicia futura, especialista na narrativa d'As mil e unha noites e das Metamorfoses de Ovidio, intenta buscar a verdade sobre Aleksandra Mairal, unha escritora de finais do século XX e principios do XXI, con moitas coincidencias contigo...

Ten moita forza nese relato central a historia d'As mil e unha noites, que tamén xira ao redor dunha historia central que enmarca outros relatos, e constitúe así unha boa metáfora do que este libro é: a procura dun marco para outros relatos e tamén a reflexión arredor do verdadeiro e do falso. N'As mil e unha noites non sabemos que relatos son falsos ou verdadeiros, cales formaban

parte orixinariamente da obra e cales se incorporaron despois, cal é a verdadeira versión. Igual que hai discusións sobre cales eran as verdadeiras editoriais galegas e se cuestiona se deben considerarse como tales as que, no exilio, publicaban en castelán, ou mesmo se ten posto en dúbida o galeguismo de Luís Seoane porque escribiu en castelán unha parte importante da súa obra. Que é verdade e que mentira?

A memoria ocupa un lugar moi importante neste libro. Varios destes relatos recuperan a lembranza dos maquis, da literatura do exilio, dos últimos executados do réxime franquista... Que dirías para refutar esa ladaíña de que a literatura actual está a falar demasiado de memoria?

A memoria permítenos manter vivos os feitos e as persoas. Houbo intentos, na transición, para que a memoria non se mantivese. Martín Villa, que aínda está por aí nos consellos de administración, ordenou, despois de morrer Franco, a destrución dos arquivos da Falanxe. No discurso oficial do país houbo unha memoria selectiva ou manipulada. Un exemplo é a serie *Cuéntame como pasó*. Os que vivimos esa época non nos recoñecemos nela. Responde ao discurso oficial de que a transición foi por consenso. Nela desaparece a loita no movemento clandestino na ditadura de Franco. Mesmo o Partido Comunista, o partido que realmente levou a cabo unha oposición forte durante o franquismo, e xa non falemos doutras formacións de esquerda que despois, ao ficar sen representación parlamentaria, desapareceron ou sobreviviron de maneira residual.

O libro toma o seu título dun dos relatos que o conforman, o protagonizado por un Franco agónico no seu leito de morte. Como sentiches a necesidade de facelo protagonista do teu xogo de ficción?

Pareceume curioso que sendo Franco galego non fose protagonista dun relato. No mesmo momento en que Franco está agonizando ordena matar dúas persoas da ETA e tres da FRAP. Cando eu estudaba na facultade de Bioloxía en Madrid, tiven moitísimo contacto coa xente da FRAP. Unha destas persoas, que precisamente era galego, Humberto Baena, andaba sempre polas facultades de Ciencias e de Bioloxía daquela.

Tamén no relato central se fala moito doutra parte do activismo contra a ditadura: a memoria do exilio, en concreto, a figura de Luís Seoane. Estamos no ano en que se celebra o centenario do seu nacemento. Fíxose o suficiente na recuperación da súa memoria?

As editoriais do exilio fixeron moito máis que manter a literatura. Mantiveron o espírito da república e do galeguismo. Hai unha memoria diso? Si, Seoane ten unha fundación na Coruña e é unha persoa recoñecida. Pero eu creo que se lle presta máis atención á súa faceta artística que ao seu labor como axitador, como axente cultural e político, proporcionador dun espazo para un tipo de pensamento radical, republicano e galeguista. Para min iso é o importante das editoriais no exilio, ofrecer un espazo que dentro de España e de Galicia non existía.

Préstaselle especial atención no libro á relación de quen escribe coas personaxes. Dise nalgún momento que ás persoas non lle gusta verse convertidas en personaxes. E falas de traizón e usurpación da realidade por parte de quen escribe...

Case sempre, cando escribimos, hai algún punto que está ancorado na realidade. Ou en persoas que coñeciches, ou en historias que alguén che contou ou que mesmo liches na prensa. Que ocorre cando literaturizamos a historia doutras persoas? No relato "A morte na arca" hai unha parte do que se conta que lle aconteceu ao pai dun amigo meu. Optei por metelo nunha época totalmente distinta e cambieino de contexto. A historia de "Desaforados muños", na que un estudante de medicina lle relata, sen sabelo, a historia dun asasinato á propia nai do asasino, contoua o protagonista. Eu cambiei o lugar do crime e o nome da nai. Mais, que dereito tes ti? Eu tómoo como unha metáfora do que é escribir, de como nos apropiamos das historias e, ao escribilas, lles damos ás veces unha intención totalmente distinta. Como di Adrienne Rich, e como cito ao principio do meu poemario *Catalogo de venenos* (Sociedad de Cultura Valle Inclán / Fundación Caixa Galicia, 1999), todo o que escribimos será usado contra nós ou contra aqueles a quen amamos.



A traizón aos ideais é un tema tamén recorrente na túa escrita, sobre todo nunha novela anterior, *Teoría do caos* (Xerais, 2001). Sentíchela algunha vez de preto?

As persoas que vivimos a loita pola liberdade no franquismo vimos que se conseguían moitas cousas, pero noutras houbo unha gran frustración. Podemos dicir, por exemplo que hoxe en día hai liberdade de prensa e de expresión? Os poderes políticos e económicos teñen capacidade para que non se fale do que non lles interesa. Está claro que houbo traizóns, algunhas moi coñecidas e de gran calado, de protagonistas importantes, e outras pequenas, que seguramente tamén acontecen ao longo da vida de moita xente que renuncia a uns ideais para vivir máis comodamente.

Outro tema recorrente na túa obra é o rexeitamento ao outro. Ou ben porque sexan persoas que resultan distintas por algunha peculiaridade determinada (por exemplo, a figura do monstro, que está presente tanto na túa escrita para público infantil como na novela *A compañía clandestina de Contrapublicidade* [Galaxia, 1998]). Ou ben por trátárense de sectores marxidados. Tal é o caso da poboación inmigrante, en *Tránsito dos gramáticos* (Xerais, 1993), ou os sen casa, de volta n'*A compañía clandestina... Coidas, nese sentido, que a literatura pode contribuir a cambiar algo?*

Sería moi pretencioso pensar que a literatura vai cambiar o mundo. Penso que o que escribimos sempre ten que ver coas historias que nos preocupan. Hai sectores que semella que non existen porque non se fala deles. Un dos relatos d'*O coitelo en novembro*, "Vigo no solsticio de inverno", está baseado nunha proposta real

que houbo nun momento determinado na cidade para expulsar os mendigos. Neste libro intento tamén darlle voz ás mulleres, sobre todo a personaxes como os de Xoana de Arco ou a serea danesa, que foron historicamente obxecto de manipulación.

Non se trata só de recuperar voces femininas senón tamén a experiencia das mulleres. Di Mila Drexial, en relación a unha das historias d'*As mil e unha noites*: "O que, na opinión de Mila, non era tan realista, é que a princesa tomase o sexo de Qamar al-Zamán para penetrarse, cando podía usalo doutro modo, frotarse contra el, chegando ao máximo pracer sen necesidade de derramar sangue. Talvez, pese a Xerazade, a historia fose inventada por un home que cría ou quería crear na súa propia versión do pracer das mulleres"...

Hai uns anos publicáronse dous libros de relatos eróticos, *Contos eróticos / elas* e *Contos eróticos / eles* (Xerais, 1990). Nos escritos por eles, había un par que falaban dunha violación. Despois diso, de todos modos, creo que houbo bos contos eróticos en galego. Da sexualidade feminina fala de forma moi aberta María Xosé Queixán e ultimamente María Reimóndez. E tamén eu o teño abordado nalgún relato. O curioso d'*As mil e unha noites* é que son relatos que se poñen en boca dunha muller. Dese conto ao que te refires vin varias versións. Nalgunhas delas non pasa nada e os namorados, condenados a esperar un cando o outro dorme, só se dan un bico na fronte. Mais hai algunha versión, coido que na tradución ao castelán de Cansinos Assens, na quea rapaza colle o namorado e se penetra. A reflexión que fai Mila é se verdadeiramente ocorrería así, se o que lle apetecería facer a ela sería realmente penetrarse.

BIÓFILA DAS LETRAS. Aquel día como calquera outro decidíu ser nosa e enfiando desculpas deixouse atrapar por Vigo, o lugar que lle matou a calor que pasara nas súas vidas e que lle deu, como de paso, un compañeiro.

Nas costas da cidade, no seu lombo, parou a coller aire de camiño a Compostela e nun patio interior construíu un xardín venturoso con vidas alleas coas que foi creando a súa, con sementes transformadas en historias sen catalogar.

Disque quixo ensinarlle ao mundo como era, o mundo, digo, e censeuse emporiso nun lugar chamado ser persoa desde o que desenvolverse de maneira consciente e independente e sendo protagonista fíxose, case sempre, muller.

Dotou logo de voz a esas mulleres e foi facendo como fixo con ela, coa forza e o ritmo do rock, coas ganas da mocidade eterna percorrendo o mundo, a falar nas linguas todas do dereito a ser sen que che corten a cabeza, miña Medusa.

Seica hai tempo que gusta da traizón e non para en contar, tamén poeta, a gran-

des e pequenos que lle aplauden escoitando nas prazas. Cos aplausos fixo un muro cun mar de fondo e nel déixase ver pacendo a vaca de Fisterra nos días de borraxo. Probou o salitre e embebedouse, din, nos prados de Toba. Quizais é certo. Ela era das que traballaron a voz nas pedras da ribeira e coa pel propia envolveu un batallón de versos. Tal empresa embebedada ao máis cor-do, non ten perda.

Desde aquela e moito antes anda atenta aos camiños, búscalos todos, dálle voltas aos lugares, mira nos cotos das árbores e non contenta, ponas ela a medrar. Di que busca escaravellos. Os que a coñecen falan de que esqueceu o que busca, que busca por andar. Aseguran que con ela é preciso ter conta, porque en silencio e a pasos de formiga, recolle semente para botala en todas as fronteas, e a quen a vira, aproveitando o día e os camiños, coas mans aínda manchadas de poesía, linguas alleas ou marcas de novela, se lle preguntan quen é ou en que anda, sorrí baixiño e con voz de pensar para non ferir palabra contesta sempre: Vou polo mundo a facer por vida.

//Mónica Góñez

Nas entrevistas a escritoras é habitual preguntar pola literatura de mulleres. Supoño que deixará de haber discriminación cando realmente teña o mesmo sentido falar de literatura de mulleres ca de literatura de homes...

Claro. E, efectivamente, aos homes nunca se lle pregunta. Non creo que haxa literatura de mulleres en Galicia porque, independentemente das relacións persoais, cada unha temos a nosa propia voz, igual cós homes. O que pasa é que hai unha gran parte da literatura, que se considera universal, que é literatura de

varón moi connotada. Unha historia escrita por un home na que o sexo se concibe como violación para min é literatura de varóns ou, corrixo, literatura androcéntrica, igual que non é o mesmo falar de literatura escrita por mulleres ca de literatura feminista.

A crítica Dolores Vilavedra sitúate como transición entre unha serie de narradoras individuais de finais do século pasado, con forte pegada do feminismo, e a xeración de narradoras que eclosiona na década actual, talvez menos



mos mollando o dedo no sangue menstrual. Entendo que hai un desexo lóxico de subliñar que xa hai mulleres que están normalizando a nosa presenza na literatura, pero creo que unha marca da normalización é que non se considere se é muller ou home quen escribe. Outra cousa é que o poder na literatura, como en todo, siga basicamente na man dos varóns.

Unha imaxe habitual en ti é a lingua gallada. A túa lingua de crianza é o castelán. A de adopción, o galego. Como é escribir nunha lingua que non é a materna?

Supón un esforzo e sempre tes certa inseguridade. Mais eu introducinme no galego nunhas condicións moi favorables, porque entrei nunha familia en que todo o mundo falaba galego e aprendín como debe aprenderse, por inmersión. É un caso que se deu con máis escritores. Por exemplo, Nabokov, Conrad, ou, na literatura actual, Aleksandar Hemon.

A imaxe da lingua gallada tamén se pode aplicar á diglosia. Dixeches nalgún momento que a lingua sobrevivirá se a sociedade aposa por ela. Estao a facer?

É pronto para saber cal vai ser a reacción social ao novo decreto que regula as linguas no ensino. Unha cousa é o poder político e outra, a sociedade. Efectivamente, o poder político pasou por unhas eleccións, mais neste caso, aínda que o PP sexa maioría no Parlamento, o voto maioritario non foi seu. Gustaríame ser optimista pero é difícil cando ves como se está deixando de falar galego en moitas zonas, mesmo do rural. A situación actual esixe por parte do galeguismo un esforzo de imaxinación e de integración. Hai sectores indubidablemente galeguistas mais non ao cen por cen en todos os ámbitos. E podes velos nunha librería comprando só libros en castelán para os agasallos de nadal e dicíndoche que non len literatura galega.

Ti podes criticala, porque non todo o que se escribe en galego é bo, pero primeiro tes que lela. En Cataluña é totalmente distinta a percepción do amor pola lingua.

Este é o Ano do Libro e tamén é un ano de crise para o libro. As medidas que se están adoptando dende a administración son as adecuadas para afrontarmos este momento?

Parece que este é xustamente o ano do antilibro. Desaparece a esixencia de que a metade das adquisicións novas das bibliotecas escolares sexan en galego. E faino unha Consellería de Educación que vai gastar un millón de euros en facer propaganda do novo decreto. Por que non se dedica iso a promocionar o libro en galego ou o libro en xeral? As editoriais aínda non asinaron o contrato para a compra de libros editados en 2009 para a súa incorporación ás bibliotecas públicas. Parece que o que se quere, nun momento de crise como este, é laminar as editoriais. En Galicia hai unha política dirixida de modo moi directo contra o galego, como nunca houbo nos tempos de Fraga.

Son poucos os autores galegos traducidos, e menos as autoras. Ti formas parte dese reducido núcleo. Como consideras que se vos percibe fóra?

Non sei ben. Só teño traducidas dúas obras de narrativa para adultos, *Tránsito de los gramáticos* (Acento Editorial, 1997) e *Lobos en las islas* (Lumen, 2001), que non tiveron moito impacto, e recentemente narrativa e poesía en antoloxías en inglés, á parte da literatura xuvenil (LIX), na que si son unha persoa coñecida en España. Coido que na literatura infantil e xuvenil, unha vez que está dispoñible o libro en castelán, valórase que tipo de obra é independentemente da súa procedencia. En todo caso, está claro que na literatura galega, no caso da LIX...

condicionadas por esta militancia. Fuches, ademais, a primeira muller en recibir o premio Xerais, que logo gañarían varias desas novas narradoras. Ti sénteste así, como ponte?

Non sei que quere dicir iso. Entre esas mulleres non hai ningunha semellanza. O que escriben Inma López Silva e Teresa Moure é completa-

mente diferente. Canto ao discurso feminista, tamén está presente en autoras novas como María Reimóndez ou Moure. Eu identifícome moito máis con Xosé Miranda e Xabier Queipo, con como escriben, que coas narradoras de antes e despois da ponte. Que teña dous cromosomas x non é significativo. Non escribi-

Ganduxando soños

Narrativa Un relato de relatos que

Aleixandre calla con mestría

Nos últimos anos, Marilar Aleixandre prodigouse como narradora no cultivo da novela. Había tempo (case quince anos, dende que publicara o moi aplaudido *Lobos nas illas*) que non daba ao prelo un volume de relatos, o que non quere dicir que abandonase a súa escrita, pois nestes lustros pasados foron moitos os contos que a autora deu a coñecer a través de libros colectivos, revista e xornais.

Aparece agora *O coitelo en novembro*, unha ampla compilación de toda a contística producida pola autora dende mediados da pasada década ata o presente, que reúne preto de tres dúcias de textos de moi variado xorne, tanto no que di da súa temática coma no que respecta ao seu estilo e aínda extensión.

O coitelo en novembro –título dun dos contos do libro– reúne dende microrrelatos ata relatos longos, pasando por relatos curtos e minirrelatos. Algúns deles con evidente recendo poético, outros máis discursivos, mesmo algúns de prosa listada ou linguaxe sms.

Como non podía ser doutro modo nun volume con tantas historias, os argumentos e temáticas abordados son abondo diversos, cousa que se explica doadamente se se ten presente que estes textos foron nacendo para ser in-

seridos en obras con temática pautada (especiais e monográficos) ou mesmo con algún tipo de limitación (espacial, por exemplo).

Para que os contos non figurasen un tras doutro en compilación simple, Aleixandre creou unha estrutura marco coa que ganduxar as historias: unha investigadora dunha Galicia de dentro duns poucos anos dedícase a pescudar na historia da literatura e a prensa galegas na emigración centro e sudamericana da posguerra. Esta estudosa, trasunto da propia autora, anda a especializarse no estudo dos narradores e narrarios nas *Metamorfoses* de Ovidio e n'*As mil e unha noites*, de aí o fecundo diálogo entre o rol do personaxe protagonista e o da súa propia creadora, pois dalgunha maneira *O coitelo en novembro* pretende asemellarse a unha sorte de singular *As mil e unha noites* en versión de noso.

Por tanto, hai neste libro de Aleixandre unha aposta moi definida polo xogo metaliterario, creando unha macroestrutura narrativa que se inscribe nunha tradición occidental vedraia, entre nós tamén ben viva, dende Ánxel Fole e Cunqueiro ata Teresa Moure, por citar só algúns exemplos significados.

Logo, cada historia en concreto vai percorrendo os seus mundos particulares, que igual se debuzan nos míseros mundos labregos da preguerra coma nas aventureiras historias de cazadores, o mesmo na paixón desmedida dos amores primeiros que nas éticas insubornables dos avós de antes e que tamén teñen vagar para remansar nun fabulado encontro entre Karl Marx e Charles Darwin no Red Lion, nas penurias dos encarcerados, dos represaliados da guerra civil, a fame negra da posguerra, os aloumiñadores de palabras

perdidas, as penelopianas redeiras de soños, os relatos tribais, as reescritas mitolóxicas e cervantinas, os contrafactos do lendario sobre sereas e carrapuchiñas, a reivindicación da afouteza de figuras históricas como a de Xoana de Arco, a desesperación que conduce ao suicidio, a parodia swifteana para a solución da problemática dos marxinais urbanos, o amor en tempos de hospicios e estafilococos industriais, a defensa ecolóxica, a contística de cerna orientalizante, o absurdo de agoiros e supersticións e ata imaxinativas ocorrencias ás portas do Ceo, entre outros motivos.

Os seguidores fieis de Marilar Aleixandre teñen neste *O coitelo en novembro* unha oportunidade única de se achegar ao mellor da súa prosa breve reunida nun único volume. Amais, que toda esta contística se presente baixo o paraguas arquitectónico dunha estrutura enmarcada moi suxestiva e de continuos repregamentos espazotemporais con deliberados solapamentos e coincidencias de voces narradoras e destinatarios, creando un complexo tecido de instancias emisoras e receptoras, non fai senón contribuír a unha orquestración integral máis atractiva na que a escritora regala aos seus lectores un libro que non os deixará indiferentes, pois nel se amosa, claramente, o que esta autora é capaz de ofrecer. // **Armando Requeixo**

O coitelo en novembro · Marilar Aleixandre · Xerais, 2010 · 272 páx · 17,60 euros



... existe unha situación de normalidade que non hai nos outros xéneros...

Na miña xeración tradúcese todo. Agustín Fernández Paz e Fina Casalderrey teñen toda a súa obra traducida en castelán. Igual que penso que é importante que haxa unha política de tradución ao galego de obras doutras linguas, tamén sería moi importante que houbera unha política de promoción de autores galegos, como acontece noutros sitios, por exemplo nas Baleares, para que se coñeza o que estamos a facer. Pode haber obras interesantes que non son traducidas porque ninguén ten a posibilidade de saber delas.

Na túa escrita hai palabras que son chave. Se che digo coitelo, que me dirías?

Neste momento, novembro.

Sal?

O sal estará moi presente na miña próxima novela, que aínda estou empezando. O sal ten unha dobre vertente. Por unha banda está asociado a aspectos de bendición, de compartir, de dar a benvinda, de purificar. Como no conto de Alí Babá, no que a criada Marjane descobre que o capitán dos bandidos quere matar a Alí Babá porque pide que non lle boten sal na comida, pois unha persoa, despois de com-



partir o sal con outra, non a pode matar. E por outra banda, o sal ten un potencial negativo. Sementar os campos de sal é unha maneira de facelos improditivos. Ao mesmo tempo,

para min representa o mar e as bágoas. Neste vindeiro libro, o sal terá que ver co exilio, porque acabo de aprender, nunha viaxe que fixen este verán, que un grupo de case 1.000 refuxia-

dos españois estiveron retidos nunhas salinas francesas ao rematar a guerra civil...

Anllar, racha?

A materia primas coa que escribimos. As palabras.

Mila Drexial atopa nunha librería unha serie de escritos esquecidos de Aleksandra Mairal, supoño que un trasunto de ti mesma...

Non necesariamente.

Aleksandra e os seus escritos fican no esquecemento. Como te ves a ti mesma nun futuro?

Aínda que haxa un xogo co meu nome, non pretendía representar un personaxe específico senón falar do que pode estar ocorrendo agora cos libros e coa literatura. E non o digo por internet, que para min non lle supón ningún perigo aos libros. Senón porque unha boa parte dos autores famosos son presentadores, xornalistas ou personaxes televisivos, e confúndese a persoa que toma en serio escribir con aquela que aparece nun programa contando a súa vida e xa pasadomañá está publicando a súa biografía. Quería esaxerar o que pode pasar con libros que si foron escritos en serio e que poden quedar esquecidos. Mais eu non son guapa como Aleksandra Mairal.



O INFORME GALICIA 2010 é unha ferramenta de grande utilidade para a cidadanía máis activa, e de entre ela, a que se move nos ámbitos que máis e mellor definen e proxectan a Galicia máis innovadora e crítica.

As verdades do país ao descuberto

ANALISTAS DA ACTUALIDADE Enrique Sáez, Melchor Fernández, Xan María Castro, Teresa Díaz, Xosé Manuel Silva, Angel Carracedo, Teresa Facal, Mariló Candedo, Carlos Nárdiz, Xosé Manuel Souto, Antón Baamonde, Xusto Beramendi, Hector Pose, María Xosé Queizán, Marta Pérez Pereiro, Xosé Manuel Pereiro, Alba Nogueira, Xavier Gómez Guinovart, Ramón Lugrís, Fernando González Laxe, Bieito Iglesias



INFORME GALICIA 2010 OFERTA DE PRE-EDICIÓN

EXCLUSIVA PARA SUBSCRITORES/AS DA REVISTA TEMPOS NOVOS

Desexo recibir, no meu domicilio, un exemplar do **INFORME GALICIA 2010** polo prezo de 7 €, acolléndome á oferta especial para subscritores/as da revista TEMPOS NOVOS. (Prezo de venda sen oferta, 25 €)

Para beneficiarse desta oferta será preciso subcribirse ou ter vixente a subscrición á revista TEMPOS. A oferta é válida para todos os cupóns de compra recibidos antes do 30 de agosto de 2010. O prezo inclúe todos os gastos e impostos. Máximo un exemplar por subscritor/a. Tempo máximo de entrega, 30 días.

DATOS DO/A COMPRADOR		NIF/CIF: _____
NOME E APELIDOS: _____		
ENDEREZO: Rúa _____ nº _____ esc. _____ piso _____ porta _____		
LOCALIDADE: _____		C.P.: _____ CONCELLO: _____
TELÉFONOS: _____		C. ELECTRÓNICO: _____

FORMA DE PAGAMENTO	DATOS EN CASO DE DOMICILIACIÓN
<input type="checkbox"/> DOMICILIACIÓN BANCARIA (cobrir datos na marxe)	ENTIDADE: _____ SUCURSAL: _____ D.C.: _____
<input type="checkbox"/> TRANSFERENCIA BANCARIA	NUMERO DE CONTA: _____

ENVIAR A: TEMPOS · Rúa dos Porróns, 8-2º · 15705 Santiago de Compostela · Por Fax: 981 557 117
 Por correo electrónico: subscricions@temposnovos.net enviando os datos solicitados neste boletín encabezados coa referencia "IG2010" Para calquera dúbida contacte no teléfono 981 557 117 de 10 a 14 h.

En _____, a _____ de _____ de 20____. **Sinatura do/a subscritor/a**